

**ANEXO III**

- 1.- A Constitución Española de 1978. Nocións xerais.
- 2.- Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
- 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Nocións xerais.
- 4.- O Municipio. Peculiaridades do Municipio de Cospeito.
- 5.- Os Concellos: competencias e órganos de goberno.
- 6.- .Reglas básicas de ortografía.
- 7.- Reparacions máis frecuentes: desconchados, grietas, recuperación de esquinas, reposición de axulexos, reparación de pavimento en bruto. Materiales de construción. Tipos e características.
- 8- Ferramentas e Utiles de traballo. Usos, mantemento e riscos no seu manexo.
- 9.- Xardinería, Fontanería, albañilería, electricidade. Conceptos Básicos.
- 10.- .Operacions matemáticas básicas: Sumar, Restar, Multiplicar, Dividir, Regra de tres,.

R. 1708

**LUGO***Anuncio*

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2019, adoptou, entre outros o acordo seguinte: 3/3 PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DE PERSOAL, ARTIGOS 20 E 21.

No Bop de Lugo, nº 053 de 4 de marzo de 2019, foi publicado anuncio relativo á exposición ao público, durante un prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES do citado acordo, sen que fose presentada no mencionado prazo ningunha suxestión nin reclamación, polo que se entende definitivamente aprobado o mencionado acordo, quedando, os artigos 20 e 21 do Regulamento Interno de Persoal redactados do seguinte xeito:

“Artigo 20.- O valor das horas extraordinarias regulamentadas no artigo 18, en tanto en canto non haxa máis remedio que abonalas, será o resultado de dividir salario anual bruto do soldo, trienios, complementos e pagas extras entre o número horas traballadas en xornadas normais incrementando un 40% do seu valor. As festivas levarán un 100% máis do seu valor normal”.

“Artigo 21.- O número de horas extraordinarias que un funcionario/a poderá realizar con carácter anual, como servizos extraordinarios, será de 80.”

Lugo, 11 de xuño de 2019.- O Tte. de Alcalde Delegado da Area de Desenvolvemento Sostible e Persoal, en funcións, Xosé Daniel Piñeiro Villares.

R. 1755

**OUROL***Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de xuño de 2019, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de MAIO de 2019 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** por importe de dous mil novecentos catorce euros con cincuenta e cinco céntimos (2.914,55 €), dos que mil douscentos setenta e catro euros con dez céntimos (1.274,10 €) corresponden a libre concorrència e mil seiscentos corenta euros con corenta e cinco céntimos (1.640,45 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.